

Propostas para ensinar e aprender Historia dende a experiencia das vítimas: expulsados de Sefarad en 1492, deportados de Salónica aos campos de exterminio dende 1942.


Estratexia didáctica proposta:

1. Presentar as vítimas de expulsións, deportacións e xenocidios como o que foron: seres humanos con identidade, vidas e familias que intentaron eliminar e arrasaron por razóns políticas ou de simple identidade étnica.
2. Fomentar o interese do alumnado polas vidas tronzadas desas persoas a través dos testemuños gravados por diferentes centros de memoria e os espazos xeográficos desas experiencias traumáticas.
3. Utilizar relatos testemuñais que favorecen a empatía do alumnado e o interese por saber máis sobre eses pasados traumáticos.
4. Indicar ao alumnado, antes de visionar o documental, os asuntos principais aos que deben atender.
5. Parar a proxección cando teñan dúbidas ou queiran achegar algo e realizar unha posta en común despois do visionado.
6. Deseñar tarefa(s) específica(s) para cada recurso didáctico.
7. Tratar o tema do Holocausto en 4º de ESO e no Bacharelato como un instrumento para fomentar a cidadanía responsable e activa no alumnado. Isto implica a aprendizaxe dos dereitos e dos deberes dos cidadáns, o respecto polos valores democráticos e polos dereitos humanos e a importancia da solidariedade, tolerancia e participación na defensa da vida e da democracia como fixeron os xustos das nacións que axudaron a outros seres humanos no medio daquela barbarie como fixeron as irmás Lola, Amparo e Xulia Touza na rede de evasión que lideraba, posiblemente, o insubordinado consul portugués [Aristides Sousa Mendes](#), ou [Irena Sendler](#), o [anxo de Varsovia](#).

Accións concretas propostas.

- 1º. Visionar o documental titulado [1492. Un camiño diferente](#) e [Guler Orgun](#) sobre o establecemento en Turquía dos sefardíes expulsados polos Reis Católicos.
- 2º. O alumnado procurará na Rede mapas da diáspora sefardí polo mundo mediterráneo a finais do século XV, localizando as cidades nas que se asentaron.

Propostas para ensinar e aprender Historia dende a experiencia das vítimas: expulsados de Sefarad en 1492, deportados de Salónica aos campos de exterminio dende 1942.



3º. Visionado do documental titulado [Matilda Kalef. Tres promesas](#). Despois o alumnado describirá as actividades económicas que desenvolveron os seferdíes nas cidades de acollida e como foi a súa integración na sociedade receptora partindo do caso da familia Kalef, establecidos en Belgrado (Servia) dende o século XVII.

Propostas para ensinar e aprender Historia dende a experiencia das vítimas: expulsados de Sefarad en 1492, deportados de Salónica aos campos de exterminio dende 1942.

4. Visionado atento do documental [Jana Bar: ella estuvo allí y me contó](#), no que a protagonista lembra retornando aos lugares da súa infancia e da vida que levaban antes da Shoá, tamén aos dos horrores do Holocausto e aos que volveron cando foron liberados. Despois, o alumnado elaborará unha composición explicando que aprendeu e en que medida ese testemuño mudou a súa percepción sobre o Holocausto perpetrado pola Alemania nazi e os seus colaboradores durante a Segunda Guerra Mundial.

5. Escoita atenta do [testemuño de Obadia Baruj](#) sobre a situación da comunidade sefadí en Salónica antes da entrada das tropas alemanas e as consecuencias do programa xenocida perpetrado polo propio Eichman dende a reunión de máis de 6.000 xudeos na praza da Liberdade o 11 de xuño ata a deportación masiva a Auschwitz en marzo de 1943. Obadía foi o único sobrevivinte da súa numerosa familia, coñeceu a outra presa que tamén falaba ladino: Aliza tiña 16 anos e fora vítima dos experimentos de esterilización no bloque 10.

O deseño de tarefas específicas que utilicen a trágica experiencia de Obadia Baruj como recurso para a aprendizaxe pode inspirarse na [proposta didáctica de uso deste ou outros testemuños](#) que ofrece o Centro Yad Vashem.

Propostas para ensinar e aprender Historia dende a experiencia das vítimas: expulsados de Sefarad en 1492, deportados de Salónica aos campos de exterminio dende 1942.

6. Debater co alumnado a responsabilidade do pobo alemán e das propias vítimas no Holocausto pola resignación atribuída aos xudeus apreixados partindo dos seguintes parágrafos do libro *Auschwitz explicado á miña filla* de A. Wieviorka:

“... É a pregunta dende a fin da guerra. Ningún pobo é colectivamente culpable e os alemáns que se opuxeron ao nazismo foron perseguidos, presos nos campos de concentración ou obrigados ao exilio. Alemaña estaba, como moitos outros países de Europa, impregnada de antisemitismo, mesmo se os antisemitas activos, os asasinos, só fosen unha minoría. Hoxe estímase que participaron activamente no xenocidio arredor de 100.000 alemáns pero, que podemos dicir dos outros, dos que viron como detiñan os seus veciños xudeus, ou dos que conducían os trens cara á deportación? O que máis sorprende é a extraordinaria indiferencia da meirande parte dos alemáns [...]

Adoítamos caer no erro de preguntar que fixo a persoa que é vítima porque sobreentendemos que algo faría mal. Ás veces mesmo a propia vítima, aínda que sexa inocente, se sente estrañamente culpable [...] Os nazis e antisemitas non lles reprochaban aos xudeus teren feito nada malo, senón simplemente seren o que eran: xudeus”.

Suxerencias bibliográficas.

CARCEDO, D., *Entre bestias y heroes. Los españoles que plantaron cara al Holocausto*, Espasa Forum. (Recolle, entre outras, a historia das irmáns Touza de Ribadavia dun xeito asequible para alumnado de 4º de ESO ou Bach).

COSTAS, Leticia, *Un animal chamado néboa*, Vigo, Xerais. (Recolle relatos moi crús sobre mulleres no Lager. Impacta a adultos e adolescentes).

SAFIER. D., 2014, *28 días*, Barcelona, Seix Barral. (Novela sobre o gueto de Varsovia, protagonizada por unha adolescente que procura sobrevivir cos seus familiares. Moi emotiva: impacta e aprenden con ela).

Repertorio de materiais bibliográficos para usar na aula:
<http://www.quelibroleo.com/noticias/libros/30-libros-sobre-el-holocausto-protagonizados-por-ninos-y-adolescentes/>.